

MARÍA ÁLVAREZ DE LA GRANJA

AS LOCUCIÓNS VERBAIS GALEGAS

Verba, ANUARIO GALEGO DE FILOLOXÍA
ANEXO 52

2003

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

ABREVIATURAS.....	5
PRESENTACIÓN.....	9
1 CARACTERIZACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS UNIDADES FRASEOLÓXICAS.....	11
1.1 <i>Caracterización</i>	11
1.1.1 Trazos definitorios.....	11
1.1.1.1 A fixación de compoñentes.....	11
1.1.1.2 O proceso de formación.....	13
1.1.1.3 A unicidade conceptual e/ou funcional.....	15
1.1.1.4 As UF como instrumentos da técnica do discurso.....	15
1.1.2 Outros trazos caracterizadores.....	16
1.1.2.1 Institucionalización.....	16
1.1.2.2 Fixación sintáctica.....	17
1.1.2.3 Idiomaticidade.....	17
1.2 <i>Clasificación</i>	20
1.2.1 Locucións.....	20
1.2.1.1 Locucións substantivas.....	20
1.2.1.2 Locucións adxectivas.....	21
1.2.1.3 Locucións adverbiais.....	21
1.2.1.4 Locucións verbais.....	21
1.2.1.5 Locucións preposicionais.....	21
1.2.1.6 Locucións conxuntivas.....	21
1.2.1.7 Locucións pronominais.....	22
1.2.2 Enunciados fraseolóxicos.....	22
1.2.2.1 Refrás.....	22
1.2.2.2 Fórmulas.....	23
2 FIXACIÓN DE ESQUEMAS SINTÁCTICOS NAS LOCUCIÓN VERBAIS.....	25
2.1 <i>Cuestións preliminares</i>	25
2.2 <i>Esquemas sintáctico-funcionais</i>	28
2.3 <i>Primeiros principios explicativos dos niveis de frecuencia dos esquemas sintácticos</i>	29
2.4 <i>Aplicación dos dous principios explicativos</i>	32
2.5 <i>A fixación da función SUX</i>	34
2.5.1 Os SUX de verbos inacusativos.....	35
2.5.2 Os SUX de verbos transitivos e intransitivos (non inacusativos).....	37
2.5.2.1 Restriccións na fixación de entidades humanas.....	39
2.5.2.2 Influencia na fixación dos SUX de verbos transitivos e intransitivos (non inacusativos) das restriccións de fixación de entidades humanas.....	43
2.5.2.3 Influencia na fixación de SUX de verbos transitivos da tendencia das LV a combinarse con entidades humanas.....	44
2.5.3 A tendencia a evitar LV de valencia cero.....	45

2.5.4	Recapitulación.....	47
2.6	<i>A fixación da función OI</i>	48
2.7	<i>A fixación das funcións PTWOOD, PTVOSUX e ATRIB</i>	49
2.8	<i>A fixación da función OP</i>	53
2.9	<i>A fixación dos CC</i>	54
2.10	<i>Conclusións</i>	55
3	ESTRUCTURA FORMAL DAS LOCUCIÓN VERBAIS. A DETERMINACIÓN.....	57
3.1	<i>Esquemas formais</i>	57
3.2	<i>Os determinantes</i>	58
3.2.1	O artigo definido.....	59
3.2.1.1	Xustificación do emprego do artigo definido nas LV.....	60
3.2.1.2	Xustificación da maioritaria presenza do artigo definido nas LV.....	68
3.2.2	A ausencia de determinante.....	72
3.2.2.1	As LV ambiguas.....	72
3.2.2.2	As LV non ambiguas.....	77
3.2.3	Os numerais e o artigo indefinido.....	85
3.2.4	Os posesivos.....	86
3.2.5	Os cuantificadores indefinidos.....	87
3.2.6	Os identificadores.....	87
3.2.7	Os demostrativos.....	89
3.2.8	Os interrogativos.....	89
3.2.9	Conclusións.....	90
4	AS LV RÍXIDAS. A FIXACIÓN.....	91
4.1	<i>A manipulación das UF</i>	92
4.1.1	Procedementos manipulativos.....	92
4.1.2	As UF como figuras "adormecidas".....	96
4.1.3	Conversións non manipulativas vs. conversións manipulativas.....	101
4.2	<i>A fixación</i>	102
4.2.1	Fixación en expresións con complementos figurados.....	103
4.2.1.1	Operacións prohibidas.....	103
4.2.1.2	Outras operacións: tematización, voz pasiva e focalización.....	111
4.2.2	Fixación en expresións con complementos non figurados.....	120
5	AS LV FLEXIBLES (I): CONVERSIÓN VINCULADAS CO PROCESAMENTO DO SIGNIFICADO LITERAL.....	127
5.1	<i>Operacións vinculadas co significado literal dos compoñentes das LV</i>	127
5.1.1	Modificación.....	127
5.1.2	Variación do determinante.....	132
5.1.3	Variación numérica.....	133
5.1.4	Retoma anafórica.....	134
5.1.5	Coordinación.....	134
5.1.6	Tematización, voz pasiva e focalización.....	135

5.2 Operacións vinculadas co significado literal e co significado idiomático dos compoñentes das LV. A escala de figuración.....	136
5.3 A relación entre o significado literal e o significado idiomático das LV...	139
5.4 Expresións con alto grao de figuración: ¿UF?	143
5.5 Conclusións	146
6 AS LV FLEXIBLES (II): CONVERSIÓN VINCULADA COA ANALIZABILIDADE SEMÁNTICA DAS LV	147
6.1 A analizabilidade semántica das LV nos estudos fraseolóxicos.....	147
6.2 O comportamento no discurso das LV semanticamente analizables.....	149
6.2.1 Modificación.....	153
6.2.1.1 Modificadores Atributivos	153
6.2.1.2 Complementos do Nome	158
6.2.2 Variación do determinante	170
6.2.3 Variación numérica e xenérica.....	177
6.2.4 Retoma anafórica.....	178
6.2.5 Coordinación.....	183
6.2.6 Tematización, voz pasiva e focalización	185
6.2.7 A correspondencia formal entre o significado literal e o significado idiomático	187
6.3 O distinto grao de aceptabilidade das diferentes operacións. Tentativa de explicación.....	190
6.3.1 A tendencia á descomposición semántica das LV. A influencia da estructura e significado literais no grao de aceptabilidade das operacións ...	190
6.3.2 O almacenamento das LV no lexicón	205
6.3.3 A tendencia á independización dos constituintes das LV.....	211
6.4 Conclusións	217
CONCLUSIÓN.....	223
APÉNDICE.....	227
BIBLIOGRAFÍA.....	257

PRESENTACIÓN²

As unidades fraseolóxicas foron consideradas tradicionalmente como expresións irregulares, anómalas, excepcionais. Sen embargo, desde o punto de vista cuantitativo, esta visión debe ser, xa non matizada, senón corrixida. Danlos (1981: 53) afirma, por exemplo, que "leur nombre avoisine celui des constructions dites 'libres'" e Coulmas (1981b: 150) sinala que é difícil imaxinar unha lingua sen tal tipo de expresións. O certo é que unha ollada a calquera texto, oral ou escrito, descóbrenos unha abondosa presenza de unidades complexas memorizadas, almacenadas como un todo no lexicón mental dos falantes. Non debe resultar estraño, en consecuencia, o interese dos estudiosos por este tipo de expresións, aínda que se trate dun interese bastante serodio, cando menos desde o punto de vista teórico, posto que a súa investigación sistemática non comezou ata a década dos 70 do pasado século, e foi só nos últimos anos cando atinxiu gran desenvolvemento³. A explicación do actual apoxeo dos estudos fraseolóxicos encóntrase en boa medida na complexidade e riqueza das unidades obxecto de análise e na conseguinte posibilidade de abordaxe desde múltiples perspectivas⁴: son estudadas desde o punto de vista sintáctico e formal, son abordadas desde o punto de vista semántico (pénsese nas unidades fraseolóxicas figuradas e na posibilidade de estudar tanto os significados literais que se fixan como os significados figurados que se lexicalizan) e son analizadas desde o punto de vista da pragmática e da análise do discurso (téñase en conta, por exemplo, o importante papel que xogan na conformación do discurso as fórmulas), pero tamén supoñen un gran reto para o lexicógrafo, para o profesor de linguas estranxeiras, para o psicolingüista, para o traductor e para o estudioso do procesamento automatizado da linguaxe natural, de modo que non debe estrañar encontrar na bibliografía fraseolóxica numerosos traballos de carácter lexicográfico (fraseográfico), didáctico, psicolingüístico, traductolóxico ou computacional⁵.

² Unha versión máis ampla deste traballo foi presentada como Tese de Doutoramento o 13 de setembro de 2002 na Universidade de Santiago de Compostela ante un tribunal composto polos Profesores Doutores Antón Santamarina Fernández (presidente), Rosario Álvarez Blanco (secretaria), Gerd Wotjak, José M^a García-Miguel Gallego e Clara Nunes Correia (vocais). Agradezo os comentarios e suxestións de tódolos membros do tribunal, que, na medida do posible, foron tidos en conta nesta reelaboración. Por suposto, tamén quero expresa-lo meu agradecemento ó director da Tese de Doutoramento, o Profesor Doutor Francisco A. Cidrás Escáneo, responsable, en boa medida, dos acertos que a dita Tese e este libro poidan ter.

³ Para as causas do atraso na evolución destes estudos, *vid.* Martínez Marín (1992).

⁴ *Vid.* Gréciano (1984) para un repaso a estas diferentes posibilidades de abordaxe.

⁵ Entre outros estudos de carácter lexicográfico, *vid.* as introduccións ós dous volumes do *Oxford Dictionary of Current Idiomatic English* (Cowie / Mackin (vol. I) e Cowie / Mackin / McCaig (vol. II)), Casares (1992³[1950]), Haensch et alii (1982), Martínez Marín (1991, 1998), Verstraten (1992), Ěermák (1998), Santamaría Pérez (1998), Tristán Pérez (1998) ou os varios traballos sobre fraseografía recollidos na obra *Estudios de fraseología y fraseografía del español actual*, editada por G. Wotjak. Ademais, en Pamies / Bálmaz / Iñesta (1998) preséntanse os criterios de

A miña investigación enmárcase dentro dos traballos de carácter formal e funcional e céntrase nun tipo concreto de unidades fraseolóxicas: as locucións verbais (*mete-lo zoco, quitar da cabeza, mata-lo mensaxeiro...*). Despois de presentar en § 1 unha breve caracterización e clasificación das unidades fraseolóxicas, abordo nas seccións restantes o obxecto principal do estudio. A miña meta é describir e explica-la forma e o comportamento das locucións verbais no discurso. Con este obxectivo conformei un corpus de 850 locucións verbais galegas tiradas de textos orais e escritos. En § 2 procuro explica-los resultados encontrados ó analiza-la súa estrutura funcional, isto é, tento dar conta do grao de fixación das distintas funcións sintácticas nas locucións verbais. En § 3 o meu interese céntrase na estrutura formal, e moi especialmente na determinación. O meu obxectivo é descubrir se existe algún ou algúns determinantes maioritarios e, en tal caso, explica-la súa preponderancia. Finalmente, en § 4, § 5 e § 6 analizo o comportamento das locucións verbais no discurso. Dado que non todas presentan o mesmo funcionamento (algunhas admiten modificacións, tematizacións... mentres que outras non o fan), o meu obxectivo é descubri-las causas dese diferente comportamento. O libro presenta ademais un Apéndice no que se mostran as locucións verbais que constitúen o corpus, organizadas alfabeticamente, co seu significado, coa súa estrutura sintáctico-funcional e coa fonte ou fontes nas que se recolleron as expresións.

Esta obra pretende ofrecer, pois, unha caracterización formal e sintáctica das locucións verbais galegas. Con todo, na medida en que encontre concomitancias entre os meus datos e os datos atopados por outros autores en relación a outras linguas, e na medida en que a xustificación dos datos encontrados non dependa de factores idiosincrásicos ó galego, será posible, se cadra, extrapola-las conclusións deste traballo a esoutras linguas. En calquera caso, agardo que a investigación levada a cabo bote algunha luz sobre a complexa realidade das locucións verbais, das unidades fraseolóxicas e, se for posible, sobre a complexa realidade da linguaxe e das linguas.

elaboración dun diccionario fraseolóxico onomasiolóxico en soporte electrónico. No que se refire á dimensión didáctica *vid.* Cowie (1992), González Rey (1995), Lennon (1998), Ortiz Alvarez (1998), Tanqueiro (1998), Cornell (1999) ou Penadés Martínez (1999). Canto á aproximación psicolingüística consúltense os volumes *Idioms. Processing, Structure and Interpretation*, editado por Cacciari e Tabossi, e *Idioms. Structural and Psychological Perspectives*, editado por Everaert et alii, en ámbolos casos con abundante bibliografía. Verbo dos traballos sobre tradución, véxase entre outros Conenna (1985), Ozaeta Gálvez (1991, 1992), Gutiérrez Díez (1995), Monroy Casas / Hernández Campoy (1995), Sevilla Muñoz (1997), Zuluaga (1999) e os diversos artigos recollidos en V. Salvador / A. Piquer (eds.) (2000). No que se refire ós estudos sobre procesamento automático (orientados ou non cara á tradución), consúltense Laporte (1988), Meya (1989), Aguilar-Amat (1990), Pamies Bertrán / Guirao Miras / Bolívar Romero (1998) ou Senellart (1998) (sen esque-lo traballo pioneiro sobre tradución automática de Bar-Hillel (1964), que aparecera publicado por primeira vez en 1955). Ademais, no libro editado por Corpas Pastor no ano 2000 *Las lenguas de Europa: Estudios de fraseología, fraseografía y traducción* recóllense diversos artigos centrados en aspectos de tradución, lexicográficos e computacionais. No número 3 dos *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O.*, no que se publican as actas do coloquio *Expressions figées: Idiomaticité, Traduction* (edición de Ángel Iglesias Ovejero) encontraranse tamén numerosos traballos centrados en problemas de tradución, dentro ou fóra do ámbito lexicográfico. Finalmente, en Laurian / Pinheiro-Lobato / Tukia (1979) faise tamén unha breve abordaxe a cuestións didácticas, lexicográficas e traductolóxicas.